



www.oqueleo.com

© 2021, Eva Mejuto

© Desta edición:

2021, Sanoma Infantil y Juvenil, S. L. e Edicións Obradoiro, S. L.

Oqueleo é unha marca rexistrada, directa ou indirectamente por Grupo Santillana Educación Global, S. L. U., licenciada a Sanoma Infantil y Juvenil, S. L.

Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-31-0

Depósito legal: M-18637-2021

Printed in Spain - Impreso en España

Primeira edición: setembro de 2021

Dirección da colección:

Ana María Guerra e Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja

Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Julia Ortega,

Álvaro Recuenco e Laura Ruiz



As materias primas utilizadas na fabricación deste libro son reciclables e cumpren amplamente coa normativa europea de desenvolvemento sostible, economía circular e xestión enerxética.

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser feita coa autorización dos seus titulares, agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

Neko

Eva Mejuto

Ilustración de cubierta de Bea Gregores

oqueleg

Neko mexa nas botas dun policía

7

Menos mal que, finalmente, te deixaron comi-
go. Eu tíñao moi claro, xa llelo avisei ben des-
de o principio. Se non é co can, eu non entro. E
xa sabes o teimuda que son, cando se me mete
algo na cabeza podó estar quieta sen moverme
o tempo que faga falta. Póño-me tesa coma un
pau, aperto os puños e ando no bico do pé. Nin
fame, nin sede, nin mexar sequera. Se digo que
non, é non. E cando lle espetei á señora que sen
ti non entraba, non era brincadeira ningunha.

—Pero a ver, Xoana, tes que entender...
—dixo con voz doce, tentando convencerme,
éche moi lista!

Non entendo nin atendo, que NON, caram-
ba. Sabía que ao final había de saír coa miña.

8 Tamén che digo unha cousa, que lle mexases nos pés a aquel garda da entrada non axudou nadiña. Eu dicíndolle á señora das lentes que te portabas moi ben, que nin ladrabas nin nada e ti, ras!, tremenda mexada que lle botaches naquelas botas lustrosas. Xa sei que non che gustan os uniformes nin as armas; a min tampouco, pero eu non vou mexando enriba de ninguén, tanto se me chista coma se non. Se de cando en vez me escapan unhas pingas na cama pola noite, é sen querer, polos soños raros que teño ás veces. Pero non o fago á mantenta, raio! E ademais eu recollo as sabas e métoas na lavadora, ser dar un chío. Pero ti non, diante de todo o mundo, ao grande. Xusto na porta do edificio principal levantas a pata e... veña! Gustaríache que o señor do uniforme mexase por riba de ti? Pois se non queres que cho fagan, non o fagas ti tampouco. Era o que dicía sempre a avoa, iso é do pouco que lembro dela.

—O can non pode entrar, nena, son as normas. E moito menos se anda a... a facer iso

enriba da autoridade pública —retrucou de novo a señora das lentes e saiolo negro. Cousa fea de vestido, mesmo parecía un entroido con el. Ninguén se atreve a dicirle o mal que lle acae?

—Pois se Neko non entra, eu tampouco —espeteille chea de razón.

—Chámase Neko? De onde vén o nome, de nécora? —ela tentaba ser simpática comigo, pero non tiña moito éxito.

—Non, que vai ser de nécora...! Vaia cousas! Neko significa *gato* en xaponés e eu quería ter un gato, coma nos cómics de Chi. Non os coñece vostede, señora?

—Pois non... a verdade —dixo colocando ben as lentes vermellas que levaba.

—Non lle gustan os cómics manga? —preguntei, por darlle un pouco de leria, a ver se a convencía.

—O certo é que non coñezo ningún... Todos os libros que teño son gordos e feos, teñen a letra moi pequena e debuxo ningún. Eu, cando

era nena, lía unhas historietas moi divertidas de *Mortadelo e Filemón*, que lle roubaba ao meu irmán máis vello. Aínda teño algunha no faiaido. Igual debía darllas a ler á miña filla...

10 A expresión do seu rostro encheuse de saudade, de morriña, xa non parecía tan seria. Malia levar aquela roupaxe horrorosa, non me caía mal de todo a señora. Polo menos, escoitábame e atendía ao que eu dicía. Cando me poño nerviosa, bótome a falar ás toas, ás veces non sei o que digo. Antes dábame por calar durante horas pero agora, non sei por que, canto máis quero calar máis palabras me saen pola boca. Son coma unha locomotora, comenta sempre mamá. Penso que foi desde que chegaches ti á casa. Papá di que parezo unha toliña, todo o día a falar contigo, pero que lle vou facer se es ti quen mellor me entende?

Seguinlle explicando á señora o dos libros, puxo moito interese nos contos de Chi.

—Pois sonlle ben bonitos, mire. Chi é unha nena que atopa unha gatiña abandonada e

pásanlle cousas moi divertidas coa mica. Se quere ler un, déixollos, teño a colección case completa e seinos de memoria. Sempre levo algún comigo...

A quen se lle conte! Mira que non coñecer os cómics de Chi co espelida que parece...

Debe ser unha señora ben importante, porque os homes de uniforme póñense firmes cando ela pasa xunta deles. Ao seu carón, síntome poderosa eu tamén. Conteille a historia de como viñeches á casa, para ver se a convencía de que me deixase entrar contigo polas boas, sen ter que montar ningunha lea. Tampouco era plan botar a mañá sentadas no banco da entrada dese edificio tan feo, tan grande, tan frío. O asento era de barrotes de metal e xa me estaba mancando as pernas e mais o cu.

—Pois un día ía da escola para a casa e sentín un ruído que viña de detrás dun coche aparcado. Era un laído baixiño, coma o choromicar dun bebé, e achegueime. Os choros soaban cada vez máis lenes e, por moito que eu mira-

ba, non vía nada... ata que me decatei de que o ruído proviña do colector do lixo.

—Non me digas! —ela ollou para min con interese. Iamos polo bo camiño.

12 —Dígollo, foi tal como lle conto. Tiven que subirme a unha caixa de froita que había no chan para levantar a tapa do colector, que pesaba un mundo. Non pode nin imaxinar o moito que fedía, ata me deron ganas de trousar e todo.

—Vaia, que valente fuches...! —díxome regalando os ollos. Mesmo parecía que se interesaba polo tema... ben! A miña estratexia funcionaba.

—Deixei de respirar polo nariz, coma cando teño que comer coliflor, e así non cheiraba nada. Sabe vostede que se respira pola boca, en vez de polo nariz, non ole nadiña?

—Seino, eu facía o mesmo cando tiña que comer sardiñas. Dábanme moito noxo e agora morro por elas.

De cando en cando, na cara agromáballe un sorriso, parecía outra persoa. Se usase roupa normal, ata debía ser guapa e todo.

—Pois daquela sabe ben o que lle digo, sempre funciona. Ao noso! Había unha caixa pechada con fita adhesiva e de aí viñan os laios. Estaba emocionada, pensaba que dentro dela había un gato, ou unha gata, coma o dos meus contos de Chi. Moi contenta, collín a caixa e arrinqueille a fita toda, que bo traballiño me deu. Sabe vostede a de veces que soñara con ter un gato? Pero como cambiabamos tanto de casa, mamá non me deixaba e a papá xa nin se me ocorría preguntarllo.

13

—Cambiabades moito de casa, non si? —preguntoume, recolocando as lentes unha vez máis. Non sei cantas veces as colocaba e recolocaba, que manía tiña!

—Si, pero o conto é outro. Atenda, caramba! Eu xa estaba falando con el antes de lle ver os fociños: «Mico, miquiño, vouche chamar Neko, xa verás o ben que imos estar ti e mais eu...». Cando abrín a caixa, decateime de que ese gato era moi estraño. Non tiña moito pelo e berraba coa boquiña aberta, chea de dentes

pequerrechos. Tardei un cacho en darme conta de que era un cadelo, un bebé-can, branquiño coma unha folerpa, da mesma cor ca a gata de Chi. Como estaba morto de frío, metino dentro da chaqueta mentres el chuchaba o meu pescozo con ansia da fame que tiña... meu pobre!

14 —E leváchelo para a casa, non me digas máis —dixo ela mirando o reloxo. Empezaba a impacientarse.

—E como non o ía levar! Non faría vostede o mesmo? A quen se lle ocorre deixar un canciño metido nunha caixa dentro do colector do lixo, haille xente moi mala, señora. Se vostede soubese...

—Algo sei, si, hai xente que semella non ter corazón.

—Pois iso foi o que pensei eu. Nese tempo papá non estaba con nós, así que só tiña que convencer a mamá. Deille sopiñas de leite con pan e, coa calor do meu corpo, quedou durmido. Como non as tiña todas comigo, decidín non contarlle nada tampouco a mamá e por

varios días conseguín telo agochado no meu cuarto. Pola noite durmía comigo e, cando ía ao cole, deixábao no faiado.

—E túa nai non o viu? —preguntoume sorprendida.

—Pois non. Igual lle pasou por diante e nin se decatou, andaba moi despistada daquela.

—Moi despistada? Pasáballe algo? —cambioulle a expresión da cara, non sei moi ben o que quería a señora esa. Sempre que vía a oportunidade, facía preguntas que non viñan ao caso, debía pensar que non me decataba... Nin que eu fose parva. Ai, Neko, o que tal temos que aturar...! Seguinlle contando:

—Ao asunto, señora. Pasaron varias semanas e Neko, non lle ía cambiar agora o nome, estaba máis gordecho e era máis rebuldeiro, non tiña acougo. Cada vez resultaba máis difícil ocultalo. Ata que un día pasou o que era visto...

—A túa nai sentiuno ladrar, non me digas máis —dixo ela erguendo o dedo, coma se esti vésemos na escola.

—Non, xa lle dixeran que este can é de pouco ladrar. Pero de mexar, moito, como deixou ben claro hai un anaco. Pois o moi lampantín botou unha mexada enorme na entrada da casa que, por suposto, miña nai viu decontado. E Neko, en vez de estar metidiño no seu agocho, cando ela me preguntou polo charco aquel non se lle ocorreu cousa mellor ca aparecer movendo o rabiño, coa lingua fóra e facendo festas. Xusto, ademais, cando tiña a mamá medio convencida de que o líquido en cuestión era dun zume de piña que me dera a veciña para merendar.

—Iso non está nada ben, Xoana, ás nais non se lles pode mentir —revirou o bico e púxose seria.

—Xa sei, xa. Tampouco se pode roubar e vostede ben que lle collía os cómics ao seu irmán —tiveran unha boa ocorrencia, a verdade. A ela pegoulle a risa aínda que tentou disimulala. Eu seguín ao meu:

—A ver, enténdame, pobriño do Neko; xa o deixaran abandonado no lixo unha vez, non

me parecía xusto que tivese que volver á rúa. Ademais, daquela xa eramos inseparables: compartiamos o bocadillo todas as tardes, os iogures, a tortilla francesa... ata durmiamos na mesma cama. Non era xusto, e logo non? Que pensa vostede?

—De xustiza, algo sei, si... Entón a túa nai deixouche quedar con el —a señora parecía cada vez máis nerviosa, veña a ollar para o reloxo e a colocar as lentes sen lle facer falta.

—Pois de primeiras non, dixo que era moito gasto, que daba traballo abondo e que a papá, cando volveuse, non lle ía facer nin chisco de graza.

—E tardou moito en volver? —preguntou levantando a cella dereita. Que pesada a señora, arre que xo a preguntarme polo que non lle importaba. Estabamos falando de ti e tumba e dálle a cambiar de tema, que se papá isto ou se mamá aquilo.

—Pois aínda tardou, si. O suficiente para que mamá se encariñase con Neko case tanto

coma min. Pasabámolo xenial os tres naquel tempo. Xogabamos no parque polas tardes e iamos as fins de semana a unha praia enorme, que cheiraba a mar e a pan quente. O traste de Neko devecía por correr detrás das gaviotas. Pequeno como era, non deixaba que se achegase a nós ningunha delas. Despois iamos merendar a unha panadaría preto de alí empanada de atún e bolos de chocolate. Era tan divertido...! E cando mamá estaba triste ou preocupada, como lle ocorría algunhas veces que engurraba o cello e parecía que estaba moi lonxe, el saltaba enriba dela e veña a lambe-la sen parar. Deixáballe toda a cara mollada. Sabe que esa é a súa maneira de bicar? Dá un pouco de noxo ao principio porque, aquí entre nós, ás veces non lle cheira ben o bafo, sobre todo despois de comer peixe. A Neko gústalle o peixe tanto coma aos gatos. Pois o que lle dicía, as lambedelas baballosas do can dan un pouco de noxo ao principio, pero despois, cando te afás, ben que prestan; son bicos quenti-

ños, deses que fan cóxegas na cara e acariñan o corazón.

Non sei o que lle pasou á señora pola cabeza, semellaba que levaba moita présa. Ao momento, abriu o seu enorme bolso, de cadros marróns cun can dourado como broche, e sen que ninguén se decatase, prendeute polo lombo e, ras!, para dentro do bolso. Se vises a cara que puxeches, co susto... Nin tempo tiven de abrir a boca, colleume da man e entramos no edificio, diante dos fociños dos gardas de seguridade. Case non aguanto a risa cando che dixo, murmurando, sen mudar o xesto serio con que andaba:

—Como se che ocorra mexar aí dentro, córtotche a *pililiña*, mira ben o que che digo.

Chiscoume un ollo e alá fomos as dúas, todas rufas, polos corredores aqueles. Como che conviña, ben entendiches a advertencia, que non te moviches ren e, o mellor, nin pinga soltaches! Bravo!